

Abel Ramón Caballero Álvarez (PSdeG-PSOE)
Marta Fernández-Tapias Núñez (PP)
Rubén Pérez Correa (Podemos- Marea de Vigo)

Prezados candidatos e candidata:

Cando resta unha semana para o inicio da campaña con rumbo ás eleccións municipais do vindeiro 28 de maio, como candidato á alcaldía de Vigo polo Bloque Nacionalista Galego, diríxome de maneira formal a vostedes, como cabezas das súas respectivas candidaturas, para lles trasladar a miña total disposición a participar de debates públicos que permitan contrastar diante das viguesas e dos vigueses as propostas políticas que cada quen sostemos para enfrentar os reptos e necesidades de Vigo.

Os debates son unha necesidade democrática, unha obriga para as distintas formacións que concorreremos ás eleccións municipais, pero sobre todo son un dereito da cidadanía, das viguesas e dos vigueses, que teñen que poder coñecer cales son as alternativas, as propostas, cal é o proxecto de cidade de cada forza política e dos seus candidatos e candidatas.

O BNG sempre estamos e estaremos dispostos a debater en positivo e a contrastar de maneira construtiva cal é a nosa maneira de entender Vigo, o futuro desta cidade e por onde ten que avanzar nos próximos anos.

Neste sentido, quero confiar en que as distintas forzas políticas, como mínimo as que hoxe teñen representación no Pleno da corporación, estean dispostas coma nós a contrastar, dialogar e poñer en común as propostas que temos para Vigo.

Debemos estar, todas e todos, á altura da esixencia democrática da cidadanía que demanda das candidatas e candidatos que deamos a cara en primeira persoa, que ninguén se agoche detrás da propaganda.

Polo anterior, formúlolles a proposta de nos dirixir conxuntamente aos medios de comunicación da cidade e aos diferentes colectivos sociais, para lles manifestar a nosa disposición a participar, como candidatos e candidata á alcaldía, nos debates que teñan a ben propoñer e organizar, garantindo formatos equitativos e respectuosos coa pluralidade.

Vigo, Galiza, 5 de maio de 2023.



Xabier P. Igrexas
Candidato do BNG á alcaldía de Vigo